



Instrucións de 20 de xuño de 2013 sobre a xornada de traballo de verán do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día seis de febreiro de mil novecentos noventa, adoptou un acordo relativo ao réxime vixente en materia de xornada laboral e horario de traballo. Nel establecíase que a xornada de traballo de todo o persoal funcionario ao servizo da Administración da Xunta de Galicia será de trinta e sete horas e trinta minutos semanais, e que o horario de traballo deberá ser realizado por todo o persoal funcionario entre as 7.45 e as 15.15 horas.

A Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia establece que a xornada ordinaria de traballo terá unha media semanal non inferior a trinta e sete horas e trinta minutos.

En aplicación da dita posibilidade e co obxecto de facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, do persoal a servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, considerase necesario no marco doutras medidas contidas na vixente lexislación en materia de igualdade, introducir algunhas melloras dirixidas a regular a xornada de verán dun xeito expreso, sen que isto supoña unha redución na súa duración.

De acordo co exposto, esta Dirección Xeral, no uso das facultades conferidas polo Decreto 307/2009, do 28 de maio e a Orde da Consellería de Facenda do 4 de maio de 2009,

DISPÓN:

Primeiro.- Xornada de traballo de verán para o ano 2013

1. Durante o período abranguido entre o 25 de xuño e o 15 de setembro de 2013, ambos inclusive, establécese unha xornada intensiva de traballo, de seis horas continuadas, que poderán desenvolverse entre as oito e as quince horas, de luns a venres.



2. Esta xornada queda condicionada a que os servizos públicos queden debidamente garantidos.
3. Trátase dunha xornada que non supón diminución do horario respecto do persoal ao cal non se lle aplica a xornada de verán, nin ampliación do seu ámbito subxectivo. Non desfrutará desta xornada de verán aquel persoal ao cal non se lle aplicaba o horario de verán e o suxeito a un réxime especial de horario.
- 4.- A adaptación horaria producida con ocasión da xornada de verán recuperarase na forma que se estableza no correspondente calendario laboral, respetando en todo caso a duración mínima da xornada en cómputo anual.

Segundo.- Oficinas de información e atención ao cidadán e rexistros.

Nas oficinas de rexistro e información previstas na disposición adicional terceira do decreto 191/2011, de 22 de setembro, de organización e funcionamento dos rexistros da administración Xeral e das entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia, durante o período abranguido entre o 25 de xuño e o 15 de setembro de 2013, ambos inclusive, establécese unha xornada intensiva de traballo, de seis horas continuadas, que poderá desenvolverse entre as oito e as quince horas, de luns a sábado.

Terceiro.- Aplicación ás entidades do sector público autonómico.-

As entidades do sector público autonómico aplicarán o disposto nestas Instrucións.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2013

O director xeral da Función Pública



José María Barreiro Díaz
José María Barreiro Díaz